


FERRÍN, CONVALECENCIA E REEDICIÓNS

«ARNOIA, ARNOIA», A NOVELA FANTÁSTICA QUE PUBLICOU FERRÍN NO 87, ACADA AGORA A CUARTA EDICIÓN. UNHA BOA NOVA PARA O AUTOR, QUE PASA UNS DÍAS DE CONVALECENCIA DESPOIS DE CAER DUN CABALO.

P. N.

Xosé Luís Méndez Ferrín pasa uns días deitado na cama por imperativo sanitario. O poeta ourensán ten unha vella afección por montar a cabalo e non é raro velo galopar a fume de carozo pola Serra do Galiñeiro. Pero a semana pasada levou un bo susto, o seu animal botouno ó chan e o literato rachou unha clavícula. Por fortuna, a cousa non pasou a maiores. Os médicos din que nun mes, Ferrín, de 59 anos, poderá volver a subir ó lombo da besta, tal e como é o seu desexo.

E mentres convalece, o escritor segue a ser noticia no mundiño editorial. Xerais publica a cuarta edición de *Arnoia, Arnoia*, unha novela curta —como todas as do autor— orixinal do ano 85. «Este diamante de mil facetas é o relato fantástico máis fermoso que lin na miña vida», di na solapiña de promoción Darío Xohán Cabana. Non parece que sexa para tanto. Para subscribir a frase habería, por exemplo, que esquecer a Tolkien ou mesmo a Homero, bastante máis ambiciosos cá fermosa pro-



Xosé Luís Méndez Ferrín publicou en 1987 «Arnoia, Arnoia», que acada agora a súa cuarta edición

posta de Ferrín. Con todo, *Arnoia, Arnoia* si que é un libro notable. As aventuras de Nmógadah (un dos Príncipes Segredos da Terras de Arnoia, que é forzado ao exilio polo pobo dos Veciños) están cheas de achados maravillosos, como o terrible xigante Hannak Oberzen, que queima ós seus inimigos coa mirada; ou o pobo tirano dos Grou, unha raza

de mineiros que escava a terra na procura da Trabe de Ouro.

Cando saíu a obra, a crítica quíso ver un achegamento á linguaxe do cómic e unha orientación cara o público xuvenil. Hoxe pódese ler sen máis como unha reflexión fantástica sobre a adolescencia e a patria perdida.